



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRINTA DE NOVENBRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3452.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE OUTUBRO DE 2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 26/10/2010, núm. 444, a que queda aprobada por unanimidade.

3453.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3446.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín oficial da provincia e Diario de Pontevedra; 3447.- INFORME CONXUNTO DE

TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3448.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DE ANIMAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3449.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA EXIXIR O MANTEMENTO DO NOITEBÚS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3450.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E DO PSOE PARA DEMANDAR ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3451.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia.”

A corporación dáse por enterada.

3454.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO XULIO BARREIRO LUBIÁN.

3455.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO “NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA”.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación do Borrador do Convenio suscrito polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo e Poio coa Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA para a construción e explotación da actuación “Novo Abastecemento de Auga a Pontevedra e a súa Ría” (marxe dereita) versión 101102 aprobado polo Concello de Administración de Acuanorte na súa reunión do 22 de outubro de 2010 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de decembro de 2010 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do escrito de Aquanorte (Aguas de la Cuenca del Norte) de data 29 de outubro de 2010 e do informe da interventora municipal de data 8 de novembro de 2010.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do

expediente indicando que Aquanorte elabora un novo borrador, xa que no anterior estaban incluídos os Concellos de Marín e Bueu e, ao manifestar que non se van a adherir ao Convenio é polo que Aquanorte co fin de continuar co desenvolvemento da actuación redatou un novo borrador Convenio aprobando a adscrición dos Concellos de Pontevedra, Poio e Sanxenxo e a inversión inicial prevista, segundo consta no novo borrador ascende a 29.333.805€ correspondendo ao Concello de Poio a aportación dun 21,11% é dicir 6.192.997,25€ incrementándose a porcentaxe de aportación do Concello de Poio dun 17,08% ao 21,11%.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Domínguez Lino di que están de acordo coa necesidade de acometer a obra pero non temos claro que o concello poida facer a súa aportación como establece o convenio. Acuanorte, o que ten que facer é adiantar os cartos e logo cobralo anualmente.

Gustaríanos saber antes de asinar o convenio se está aprobar a subvención do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional que financie o 43,28 % do investimento, é dicir, 12.695.670,80 €. Que pasaría se esta subvención ao final non se lle concede. Xa que o Concello de Poio, lle correspondería 2.680.056 €. O Concello de Poio aportaría 2.172.503 €, non poderíamos por rebasar o límite establecido de endebedamento e que suporía unha cota anual de 153.408,37 € a 25 anos.

Se non podemos endebedarnos teríamos que pagar no ano 2011: 184.662,79 €, 2012: 825.551,31 € e 2013: 1.162.289, 34 €, máis o ive das cantidades indicadas.

A propia Intervención sinala que deido á que a situación financeira do Concello nestes momentos e aos compromisos adoptados para os próximos anos parece difícil que se poida dar cumprimento ao pagamento das contías indicadas.

Por todo isto, o PP vaise abster.

O Sr. Barreiro Lubián di que se basea en feitos, hai máis formas de financiar estas operacións sen que sexan de crédito.

Hai outros proxectos que non se van poñer en marcha e polo tanto eses fondos van incrementar o financiamento doutros proxectos que se vaian a executar.

Esta obra é necesaria, a rede estase deteriorando, non se sabe o que podería aguantar, a cuestión é que con este cambio que levamos 10 anos dándolle voltas, poderíamos saltar esta posibilidade e perder os fondos perdidos subvencionados.

Hai outros servizos que realiza o Concello e que non pasa nada se non se acometen (praias, parques...) pero en cambio o servizo de auga é obrigatorio e neste momento non podemos dicir que non se vai facer.

A Sra. Besada Lores di que é unha necesidade que está ahí. Nos últimos 4 anos tivemos roturas e o PP saiu na prensa reclamando a reparación da rede na Po-308. Todos samebos como afectan estas roturas aos veciños e penso que debemos aproveitar esta subvención.

Se a Xunta non puxera a tubería como fixo no seu día en Sanxenxo de ferro, xa non teríamos problema.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de novembro de 2010, este quedou aprobado por 9 votos a favor (BNG e PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Borrador do Convenio suscrito polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo e Poio coa Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA para a construción e explotación da actuación "Novo Abastecemento de Auga a Pontevedra e a súa Ría" (marxe dereita) versión 101102 aprobado polo Concello de Administración de Acuanorte na súa reunión do 22 de outubro de 2010.

**Segundo:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3456.- INTERVENCIÓN, REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN ECONÓMICA DA EMPRESA AQUAGEST PTFA, SA PARA O EXERCICIO 2011.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado mediante escrito de data 1 de outubro de 2010 presentado no Rexistro Xeral o 6 de outubro de 2010, núm. 5602 por D. Casimiro González Fernández en representación de Aquagest, PTF no que solicita que tras os trámites oportunos e de ser o caso, se proceda a aprobar as novas tarifas do servizo de de auga e sumidoiros do Concello, con efectos 1 de xaneiro de 2011.

Con data 16 de novembro de 2010 mediante providencia do Sr. Alcalde e previo informe da Intervención Municipal de data 5 de novembro de 2010 sométese o expediente a

consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte informe: "Dáse conta do escrito de Aquagest, promoción técnica e financeira de abastecemento de auga, s.a. Solicitando que se aproben e publiquen as novas tarifas do Servizo municipal de augas e sumidoiros do Concello de Poio ara a súa aplicación a 1 de xaneiro de 2011, da providencia da alcaldía de data 2 de novembro de 2011 e do informe de intervención de data 5 de novembro de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente de revisión da retribución económica da empresa concesionaria manifestando que en aplicación dunhas fórmulas previstas no contrato inicial con Aquagest o incremento para o servizo de abastecemento para o exercicio 2011 sería do 0,83% e para o servizo de saneamento para o exercicio 2011 sería do 2,73%, incrementos os que tería dereito a empresa concesionaria do servizo en virtude do estudo de costes que presenta no que se expón que ambos servizos son deficitarios e segundo a cláusula 37.4 do Contrato Administrativo de Xestión do Servizo Público deberá ser o Concello quen proceda a realizar a revisión de prezos co fin de garantir o equilibrio económico da concesión anualmente. Ó establecer a Providencia da Alcaldía a non modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos servizos de abastecemento de augas e saneamento cara o vindeiro exercicio 2011, mantendo as tarifas aplicables e vixentes para o ano 2009 e 2010 para os usuarios dos servizos, deberá ser o Concello quen retribúa ao concesionario no importe da revisión de prezos que se propón co déficit que isto suporá para o Concello quen terá que asumir as repercusións económicas que isto supón.

En total o Concello debería aportar a cantidade de 132.515,51 €, no exercicio 2011 (derivado das revisións de prezos dos exercicios do 2009 e 2010), de manterse os importes recadados, no exercicio 2010, nos padróns dos servizos no vindeiro exercicio.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo político vai votar en contra da proposta por non estar de acordo co convenio que se asinou no seu día.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar, dando cumprimento ao artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, elevar ao Pleno as dúas propostas: 1ª) Aprobación da revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo municipal de auga e sumidoiros do Concello de Poio para o ano 2011 nos porcentaxes de 0,83% e de 2,73%, respectivamente e 2ª) A non aprobación da revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo municipal de auga e sumidoiros do Concello de Poio para o ano 2011 nos porcentaxes de 0,83% e de 2,73%, respectivamente".

O Sr.Barreiro Lubián comenta que independentemente de que o Concello repercute este incremento nos veciños, o noso deber é aprobar as novas tarifas en base á fórmula de variación de prezos aprobada no seu día.

Non subscitándose debate ningún e de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Orgánico Municipal sometido á votación as dúas propostas elevadas pola Comisión Informativa de Facenda obtívose o seguinte resultado:

1ª) Aprobación da revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo municipal de auga e sumidoiros do Concello de Poio para o ano 2011 nos porcentaxes de 0,83% e de 2,73%, respectivamente. Votos a favor dos membros presentes: 9 votos (7 BNG e 2 PSOE); votos en contra dos membros presentes: 7 votos do PP e ningunha abstención.

2ª) A non aprobación da revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo municipal de auga e sumidoiros do Concello de Poio para o ano 2011 nos porcentaxes de 0,83% e de 2,73%, respectivamente: Votos a favor dos membros presentes: 7 do PP; Votos en contra dos membros presentes 9 (7 BNG e 2 PSOE) e ningunha abstención.

Á vista da votación efectuada a corporación por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou:

**Primeiro:** Aprobar a revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo municipal de auga e sumidoiros do Concello de Poio para o ano 2011 nos porcentaxes de 0,83% e de 2,73%, respectivamente.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal e Empresa Concesionaria do Servizo de Augas e Sumidoiros.

3457.- MOCIÓNS-GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE OS INVESTIMENTOS DE EDUCACIÓN.- Dáse conta á Corporación da moción do Grupo Municipal do BNG en relación cos investimentos en Educación por parte da Xunta de Galicia así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de novembro de 2010 no que se emite o seguinte informe: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada polo BNG de data 15 de novembro de 2010 que, tras unha ampla exposición de motivos, propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción

do seguinte acordo: "1.- Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010. 2.- Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010. 3°.- Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de ensino estea garantida."

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A continuación polo Grupo Municipal do PP preséntase a seguinte emenda na adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que:

1°.- Siga desenvolvendo o Plan Galego de Potenciación das Linguas estranxeiras, dotando cos recursos necesarios para a aplicación das medidas previstas no mesmo.

2°.- Incrementar a oferta de prazas nos comedores escolares xestionados directamente pola Xunta, sen perxuízo de que se continúe apoiando con partidas nos orzamentos ás ANPAS que administren comedores escolares.

3°.- Que se continúe realizando as actividades de reparación e mantemento dos centros públicas do ensino.

A Sra. Concelleira Senra Lorenzo manifesta que a emenda que se presenta non ten nada que ver coa moción tratada neste punto.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta a súa disconformidade coa emenda á moción que se presenta.

Sometida á votación a emenda presentada polo Grupo Municipal para a adopción dos acordos arriba mencionados obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 do PP.

Votos en contra: 9 votos (7 do BNG e 2 PSOE.)

Abstencións: ningunha.

A Continuación e á vista dos resultados obtidos sométese a votación presentada polo BNG con data 16 de novembro de 2010 e sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda na sesión realizada na mesma data obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 votos (7 BNG e 2 PSOE).

Votos en contra: 7 votos do PP.  
Abstencións: ningunha.

Tendo en conta os resultados obtidos nas votacións a Corporación adoptou o seguinte acordo:  
Instar á xunta de Galicia

**Primeiro:** Manter as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010.

**Segundo:** Manter a partida adicada a axudas ás ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta do 2010.

**Terceiro:** Incorporar aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de enciso estea garantida.

3458.- MOCIÓNS-GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PSOE E PP POLO 25 DE NOVIEMBRE DE 2010, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.- Sometida a votación a inclusión do presente asunto na orde do día da sesión do pleno ordinario sen estar previamente ditaminando por comisión informativa ningunha este quedou aprobada por unanimidade dos asistentes presentes.

Dáse conta á corporación da moción consensuada polos tres grupos políticos municipais BNG, PSOE e PP en relación ao Día Internacional contra a violencia de xénero do 25 de novembro de 2010 na que tras unha exposición ampla de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

-Realizar actos de conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, para sensibilizar á veciñanza sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ás asociacións e entidades do Concello.

- Asumir o compromiso de traballar para asegurar a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta entidade local.

- Levar a cabo accións de sensibilización necesarias para promover a corresponsabilidade no eido doméstico.

-Promover e difundir a obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando o contido feminista da súa obra.

-Incorporar a dimensión de xénero en todos os Plans, Programas e demais actuacións que se poñan en marcha desde a entidade local en resposta á crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta a especial incidencia que esta ten nas mulleres.

-Adherirse á "Declaración de Cádiz, cara unha



sociedade máis eficaz e sostible", subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados da UE.

-Solicitar da Xunta de Galicia o desenvolvemento do Plan de Emprego para as Mulleres, poñendo a disposición dos concellos máis recursos para posibilitar a incorporación das mulleres ao emprego remunerado, con medidas concretas para garantir o principio de "a igual traballo, igual salario", incorporando liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos con importante presenza feminina (labregas, mariscadoras, redeiras...)

-Solicitar da Xunta de Galicia a posta en marcha dun servizo público de canguros, que facilite a conciliación da vida familiar e laboral da muller.

-Solicitar da Xunta de Galicia o desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

Dar traslado deste acordo ao Parlamento Galego, ao Ministerio de Igualdade e ao Parlamento Galego.

Non subscitándose debate ningún e sometido a votación a emenda presentada esta quedou aprobada por unanimidade nos termos indicados anteriormente.

3459.- IGUALDADE, PROPOSTA PARA SOLICITAR O INGRESO DE D<sup>a</sup>. MARÍA XOSÉ QUEIZÁN VILAS NA REAL ACADEMIA GALEGA.- Sometida a votación a inclusión do presente asunto na orde do día da sesión do pleno ordinario sen estar previamente ditaminando por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

Dáse conta da proposta da Concelleira de Igualdade, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González na que en virtude da comunicación remitido a este Concello pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo solicita que se acorde o ingreso de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega polos seus méritos como destacada feminista galega cun activismo que se reflite tanto na súa actividade social como na literaria e con suficientes méritos literarios como para formar parte da RAG. Tendo en conta tamén na valoración que agora mesmo hai catro mulleres académicas.

Sometida a votación a proposta da Concelleira de Igualdade do Concello de Poio o Pleno da Corporación por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Adherirse á proposta da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo de aprobación da candidatura de ingreso de Maria Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega.

**Segundo:** Comunicar o presente acordo á Real Academia Galega.

**Terceiro:** Dar conta deste acordo a Comisión Informativa na seguinte sesión que celebre.

3460.- EXPEDIENTE DE PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN ENTRE D. LUIS AGUÍN ESCUDERO E O CONCELLO DE POIO, PARA A PERMUTA DE TERREO PROPIEDAD PRIVADA A CAMBIO DE OBRA FUTURA DE CONSTRUCCIÓN, POLO CONCELLO, DUNHA EDIFICACIÓN COMPLEMENTARIA DESTINADA A GARAXE, SEGUNDO PROXECTO DE MELLORA DA PRAZA ALFREDO ROMAY BESADA DE SAMIEIRA.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado e dos informe conxunto emitido pola Intervención Municipal e Secretario, Arquitecta Municipal e Asesor Xurídico e que son os que segue:

**Informe conxunto da Intervención Municipal e Secretario Xeral de data 16 de novembro de 2010:**  
"FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Dado que son diversas as cuestións a estudar no Informe que nos ocupa imos tratar de darlles un tratamento individualizado a cada unha das cuestións que se plantexan con vistas a tratar de proporcionar unha resposta o mais clara posible.

**1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para dotacións públicas mediante Convenio.**

No borrador da proposta de Convenio posta a disposición desta Secretaría e Intervención se fixa o obxecto fundamental do mesmo na cláusula primeira na que se establece que ; "O obxecto fundamental da presente proposta de convenio, basease na necesidade que ten o Concello, por motivos de interese xeral en adquirir e ter a dispoñibilidade dos terreos afectados polo proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada de Samieira, redactado polo Arquitecto D.Juán Mugarra Fernández, reformao en setembro de 2010, para o cal necesita o Concello os terreos propiedades dos outros comparecentes."

Por o que respecta a posibilidade de asinar Convenios de Xestión de Planeamento debemos facer unha referencia o réxime xurídico que se establece na LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións. Acerca desta posibilidade o artigo 233 desta disposición legal establece que ; "Concepto, alcance e natureza.

1. A Administración Autonómica e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán celebrar, conxunta ou separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias,

convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, en orde á súa colaboración e máis eficaz desenvolvemento da actividade urbanística.

2. A negociación, celebración e cumprimento dos convenios urbanísticos a que se refire o número anterior rexeráse polos principios de transparencia e publicidade.

3. **Serán nulas de pleno dereito as estipulaciones dos convenios que contravengan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do plan urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do chan e dos deberes dos propietarios do mesmo.**

4. Os convenios regulados nesta sección terán para todos os efectos carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo."

Así, en principio xa se faculta ós Municipios para a celebración de Convenios Urbanístico, Convenios que estarán sometidos en todo caso as normas imperativas legais e regulamentarias ,incluídas o Planeamento Urbanístico , tal e como establece o apartado 3 do artigo antes transcrito, tendo en conta que a contravención destas disposicións xerará a inmediata nulidade das estipulacións que se establezcan nos mesmos.

A continuación a LOUGA distingue entre Convenios de Planeamento e de Execución do Planeamento, establecendo o artigo 234 o que segue; ". Obxecto.

Os convenios urbanísticos diferenciaranse polo seu contido e finalidade en:

Convenios Urbanísticos de Plan: Aqueles que inclúan ou poidan ter como consecuencia ou resultado posibles modificacións do plan urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

Convenios Urbanísticos para a Execución do Plan: **Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción**

## **ou dispensa do plan”.**

No caso que nos ocupa se denomina o borrador do Convenio posto a disposición desta Secretaría e Intervención coma Convenio de Execución por o que en principio deberemos estar o previsto no artigo 236 no que se precisa que; “. Convenios urbanísticos para a execución do plan.

1. A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio.

2. Os convenios nos que se acorden os termos do cumprimento de deberes legais de cesión pola súa substitución polo pago de cantidade en metálico cando non poidan cumprirse con chan destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública en virtude da reserva correspondente, e, especificamente, a dos terreos en que se localice o 10% do aproveitamento tipo do ámbito de referencia deberán incluír, como anexo, a valoración pertinente, practicada polos servizos administrativos que teñan atribuída tal función, con carácter xeral ante a correspondente administración.” ; tendo en conta que dende o punto de vista procedimental no artigo 237 se vai a concretar todo o relativo a celebración e perfeccionamento e se regula o seguinte; “. Celebración e perfeccionamento.

1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e en, polo menos, un dos xornais de maior difusión na provincia, por un período mínimo de vinte días.

2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de plan co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a a prevista no número anterior.

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu

caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios haberá de ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro do quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido devandito prazo sen que tal firma tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel."

Unha vez feitas estas consideracións xerais con a finalidade de establecer o marco xurídico no que nos imos a mover , procederemos a analizar a posibilidade do obxecto do mesmo , que non é outra que a adquisición duns terreos de titularidade privada con a finalidade de ampliar unha praza pública , por o que imos facer un análise dos Capítulos VII e VIII do Tit IV da LOUGA, capítulos que se refiren a obtención de terreos para sistemas xerais e dotacións públicas e execucións dos instrumentos de planeamento en núcleo rural respectivamente.

En primeiro debemos facer unha definición de dotación pública e sistema xeral , definición que se establece no artigo165 no que se establece que; " Definicións.

1. Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do municipio ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.

2. Son terreos de sistemas xerais os dotacionais públicos que están deseñados ou previstos para o servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de cidade.

3. Non terán o carácter de sistemas xerais os terreos, instalacións e infraestruturas de titularidade estatal ou autonómica de carácter supramunicipal que non estean contemplados no plan xeral, e cuxa vocación exceda do servizo ao municipio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

4. Son terreos destinados a dotacións locais os dotacionais públicos de titularidade do municipio, que están deseñados ou previstos predominantemente para o servizo do polígono ou sector, no seu caso." Así a vista deste artigo no suposto que nos ocupa estaríamos ante unha dotación pública, aínda que este tipo de cuestión sería mais adecuado que fosen concretadas por un Informe Técnico . Por o que respecta os modos de adquisición de terreos para dotacións públicas se establecen con carácter

xeral no artigo artigo 167 que regula o que segue; " Obtención de terreos destinados a dotacións locais.

1. Os terreos **destinados polo plan** a dotacións locais en chan urbano consolidado obteranse mediante **expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do chan.**

2. Os terreos destinados a dotacións locais en chan urbano non consolidado e en chan urbanizable obteranse mediante cesión obrigatoria e gratuíta a través do sistema de actuación que se adopte ou por expropiación, ocupación directa ou permuta forzosa.

3. A obrigação de cesión gratuíta dos terreos destinados a dotacións de carácter local inclúe tamén a súa urbanización, á conta dos propietarios incluídos no correspondente polígono." . Así se establecen con carácter xeral tres sistemas ; convenio, expropiación ou permuta forzosa. Sen embargo dado que os terreos onde se sitúan os terreos a adquirir así coma a plaza pública se encontran situados en solo de núcleo rural , tal e como se afirma no Informe Técnico de data 16 de setembro de 2010, habería que estar o réxime xurídico establecido no capítulo seguinte , en concreto o artigo 173 que concreta a previsión xenérica antes dita para os núcleos rurais , o precisar que; "Obtención de dotacións nos núcleos rurais.

**Os terreos destinados a dotacións públicas poderán obterse mediante expropiación forzosa, convenio urbanístico entre a Administración e os propietarios ou permuta forzosa.**

No suposto previsto no apartado 3 do artigo 24, por cesión obrigatoria e gratuíta ou por ocupación directa." . Podemos observar aquí que se establecen os mesmos sistemas , convenio, permuta e expropiación forzosa.; pero se establece tamén a mesma premisa "**terreos destinados a...**" por o que na LOUGA se preve que con carácter previo a adquisición destes terreos para as dotacións públicas correspondentes é necesario que estas se prevexan no planeamento . No caso que nos ocupa esta ampliación da praza Alfredo Romay Besada non está prevista no PXOM do Concello, ben e certo que se trata da ampliación dunha dotación existente , non da creación dunha nova , pero non é menos certo que a xurisprudencia do TS ven esixindo con carácter xeral que previamente a expropiación dos terreos necesarios para dotacións públicas estas estean contempladas no Plán, e que a LOUGA non establece unha diferenciación en canto a esixencia de previsión de

destino no Plan para os supostos que se adquiran estos terreos por Convenio, ou por expropiación ou permuta.

Esta conclusión é lóxica dende o punto de vista da conceptualización do Plán coma previsión , coma debuxo do que se quere que sexa unha cidade, coma modelo , concepto en consonancia con a definición global de ordenación do territorio , así o artigo 52. da LOUGA fai as seguintes; Consideracións xerais.

1. Os plans xerais de ordenación municipal, como **instrumentos urbanísticos de ordenación integral**, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o chan para o establecemento do réxime xurídico correspondente, **definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.**

2. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos determinense e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

3. Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición." De feito no artigo 56 da LOUGA xa se establecen as determinacións que deberá conter os PXOM no núcleo rural , entre as que se fixan as seguintes; "Artigo 56. Determinacións en chan de núcleo rural.

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a ordenación detallada dos núcleos rurais e, para ese efecto, incluírán as seguintes determinacións:

Delimitación do seu perímetro.

**No seu caso, emprazamento reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado.**

Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.

Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación e da súa contorna.

Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se contemple a realización de actuacións de carácter integral, nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo en que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.

Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagárdaa das canles naturais e as redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.

Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevinda no mesmo."

Así na opinión destes informantes con carácter previo a tramitación e sinatura deste Convenio se debería proceder a tramitación dunha modificación puntual do PXOM que recollese esta ampliación desta dotación local así coma a planimetría da mesma e os terreos afectados por esta ampliación , do contrario se estaría mensocabando o réxime xurídico dos convenios de xestión dado que tal e como enunciabamos a principio deste Informe cando definiamos os convenios de xestión como; **"Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística** limítense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. **Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan."** .

Por tanto , por moi loable que poida ser o querer mellorar unha dotación pública mediante a ampliación ou reforma da mesma para uso e disfrute dos veciños do núcleo de Samieira , tamén debemos ter en conta que a ordenación do territorio e primeiro planificación e posteriormente execución e non o revés , a execución de proxectos de obras



que supoñen unha alteración do plán e posteriormente tratar de legalizar a través do instrumento de planeamento correspondente .

Si finalmente se procede a tramitación dunha modificación Puntual das Normas se deberá tramitar conforme o procedemento que segue:

Neste sentido dispón o artigo 93 da Lei 9/2002 que a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou modificación dalgún dos seus elementos.

No parágrafo segundo do mesmo artigo defínese a revisión do planeamento como a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo , motivada pola elección dun modelo territorial distinto ou pola aparición de circunstancias sobrevidas que incidan sustancialmente sobre a ordeación do territorio ou polo esgotamento da súa capacidade. Nos demais casos ( artigo 93.3) a alteración das determinacións do plan considerase como modificación deste, aínda cando a alteración implique cambios illados na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.

Unha vez establecida ( a xuízo deste informante ) a necesidade de proceder a modificación do PXOM deste concello , expoño o réxime xurídico aplicable a dita modificación en caso de que se procedese a tramitación da mesma.

De acordo co disposto no artigo 93.4 da lei 9/2002 a revisión ou modificación de calquera instrumento de planeamento suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do disposto no artigo 62 da mesma Lei (plans de desenvolvemento ).

En primeiro lugar toda modificación do planeamento debe vir xustificada por razóns de interese pública , así, de acordo co disposto no artigo 94.1 da Lei 9/2002 "Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas"

Por o que respecta a previsións establecida no apartado 2 de dito artigo que establece que: (insertar), debemos dicir que, neste momento se está a tramitar a redacción dun novo PXOM por o Concello , debendo ter en conta que aínda non está en trámite de aprobación inicial.

Unha vez cumpridos os requisitos previos, pasamos a comentar os trámites a seguir en caso de que se procedese a modificación puntual do PXOM.

Tal e como sinalouse con anterioridade o artigo 93.4 da Lei 9/2002 remite a modificación do planeamento as disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación ( artigo 85 e seguintes da Lei 9/2002), engadindo que as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da presente Lei. Debendo estar o establecido nos mesmos.

## **2.- Da posible celebración dunha permuta de terreo por obra futura.**

Por o que respecta a posibilidade de que as administracións celebren permutas , debemos estar o réxime xurídico que ven recollido na Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas , así coma no RD 1372/1986 , de 13 de xuño por o que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Así no Título III , Capítulo VI , da Lei 33/2003 fai referencia a permuta de bens e dereitos , recollendo no artigo 153 a admisibilidade da mesma o establecer que: "Os bens e dereitos do Patrimonio do Estado poderán ser permutados cando por razóns **debidamente xustificadas no expediente resulte conveniente para o interese público,** e a **diferenza de valor entre os bens ou dereitos que se trate de permutar, segundo tasación, non sexa superior ao 50 %** dos que o teñan maior. Se a diferenza fose maior, o expediente tramitarase como alleamento con pago de parte do prezo en especie.

A permuta poderá ter por **obxecto edificios a construír.**" , unha vez recollida a posibilidade de permutar bens e dereitos , incluída a previsión de que a permuta poida ter por obxecto unha obra futura , continua a Lei con o procedemento que ven enunciado no artigo 154 , no que se regula o seguinte; "Procedemento para a permuta de bens e dereitos.

1. Serán de aplicación á permuta as normas previstas para o alleamento de bens e dereitos, salvo o disposto en canto á necesidade de convocar concurso ou poxa pública para a adxudicación.

2. No entanto, o órgano competente para a permuta poderá instar a presentación de ofertas de inmobles ou dereitos para permutar, mediante un acto de invitación ao público ao que se dará difusión a través do Boletín Oficial do Estado e de calquera outros medios que se consideren adecuados.

3. No caso de presentación de ofertas a través do procedemento previsto no apartado anterior, a selección da adxudicataria realizarase de acordo co establecido no prego de condicións previamente elaborado.

1. A diferenza de valor entre os bens a permutar poderá ser abonada en metálico ou mediante a entrega doutros bens ou dereitos de natureza distinta”.

Estas precisións xenéricas que se veñen recollidas na Lei de Patrimonio debemos concretalas con o réxime xurídico regulado no RD 1372/1986 , por o que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dado que en virtude do establecido na Disposición Final 2ª da Lei 33/2003 estes preceptos non teñen carácter básico por o que son de aplicación supletoria. Por o que respecta o Regulamento de Bens das Entidades Locais , debemos atender o exposto nos artigos 112 e seguintes ; “Artigo 112.

1. Os alleamentos de bens patrimoniais rexeranse en canto a súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

1. Non será necesaria a poxa nos casos de alleamento mediante permuta con outros bens de carácter inmobiliario, **previo expediente que acredite a necesidade de efectuala e que a diferenza do valor entre os bens que se trate de permutar non sexa superior ao 40% do que o teña maior.”**

Así en principio as Entidades Locais poderán celebrar contratos de permuta de bens inmobles patrimoniais previa tramitación de expediente no que se acredite a súa necesidade e sempre que a diferenza de valor entre os bens que se trate de permutar non supere o 40% do ben que o teña maior. Non consta no expediente ningunha valoración nin tasación pericial das parcelas que acredite unha diferenza entre as mesmas inferior o 40% ; esixencia de tasación que se concreta no artigo 118 desta mesma disposición legal o afirmar que; “Será requisito previo a toda venda ou permuta de bens patrimoniais a valoración técnica dos mesmos que acredite de modo fehaciente o seu xustiprecio.” , así coma no artigo 272.1 da Lei 5/1997 , de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Por tanto para permutar un ben patrimonial municipal por outro dun particular, ou por cousa futura, esíxense dous requisitos substantivos: acreditar a necesidade da permuta e que a diferenza do valor entre os bens que se trata de permutar non sexa superior ao 40% do que o teña maior. O incumprimento destes requisitos é incorrrible, xa que non constitúen meros requisitos formais do expediente, senón que afectan á esencia da validez da permuta (Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2000). **Non consta, no dia da data, no expediente obxecto de informe, valoración económica nin da parcela a permutar nin tampouco valoración do proxecto de construción dos garaxes incumprindo por tanto o anteriormente exposto.**

Para a acreditación da necesidade da permuta, que constitúe un dos requisitos para que sexa procedente, non é suficiente que se acredite no expediente a xustificación da adquisición do ben e a finalidade á que se pretende destinar, senón que tamén debe achegarse ao expediente os informes e consideracións técnicas, económicas e xurídicas que xustifiquen a necesidade de efectuar esa adquisición mediante permuta, dado que tamén puido levar mediante os procedementos de compra ou expropiación forzosa (Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2000). Por o que se refire a necesidade de acreditación do interese público, dado que a adquisición deste terreo vai destinada a ampliación dunha dotación pública local, nos remitimos o exposto no apartado primeiro deste Informe.

Sen embargo no caso que nos ocupa este Concello pretende realizar unha permuta de cousa futura, pero sendo o propio Concello o que ha de entregar o ben futuro. Esta nova e cada día máis frecuente figura da permuta de cousa futura, no caso anteriormente exposto, non posúe regulación expresa polos textos locais estatais, o que según algúns autores, en ningún modo quere dicir que non fose posible. De feito, a doutrina atopa xa varios e importantes antecedentes xurisprudenciais como as SSTs de 18 de febreiro de 1964, de 23 de outubro de 1972 e de 10 de outubro de 1978. Afirmando que en realidade o seu fundamento atópase no Código Civil e, en concreto, no seu artigo 1271 que establece que "poden ser obxecto de contrato todas as cousas que están no comercio dos homes, aínda as futuras".

Neste senso podemos citar a opinión dalgún autor coma CHACON ORTEGA, dado que o seu xuízo é posible a permuta de cousa futura cando é o Concello o obrigado a entregar esta. Por outra banda, debe terse en conta que os riscos son maiores para o que ha de recibir a cousa futura.

Seguindo co análise dos requisitos da permuta que se pretende efectuar o artigo 113. do Regulamento de Bens establece que "Antes de iniciarse os trámites conducentes ao alleamento do inmovible procederase a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o seu deslinde se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se non o estivese." Por o que respecta a este requisito , dado que no caso que nos ocupa dado que o terreo a adquirir pertence a un particular e a obra futura se cederá a este , sendo o propio Concello o que ha de entregar o ben futuro (nos termos antes expostos) se considera por estes informantes que estes mesmos requisitos serían esixibles neste caso , e que por tanto a propiedade do particular a entregar o Concello deberá estar perfectamente depurada a súa situación física e xurídica.

Entrando no análise particular do expediente que nos ocupa , observamos coma na cartografía catastral aparece a parcela a entregar o Concello co número de referencia Catastral 1763901NG2916S0001ZX a nome do concello de Poio, acerca deste particular o Asesor Xurídico emitiu Informe de data 27 de xaneiro de 2010 , no que informa que realizada a investigación correspondente no Catastro Histórico , e que habéndoselle dado traslado do Título de Propiedade das Parcelas consistente nunha escritura de compravenda privada de 18 de novembro de 1967 se deduce que; "A parcela 113 pertence en propiedade en realidade a D. Luis Aguin Escudero segundo o Título a Adquisición de 18 de novembro de 1967 e tratándose dun erro o alta no catastro da parcela a nome do Concello de Poio." , non obstante estes informantes consideran que para unha maior seguridade xurídica se debería depurar xurídicamente a parcela a través da súa inscrición no Rexistro da Propiedade e modificación da titularidade da mesma en Catastro.

### **3.- Cuestións relativas a posibilidade de ceder en propiedade a edificación futura a construír a cambio da cesión do terreo para a ampliación da plaza Alfredo Romay Besada.**

Na cláusula quinta do borrador do convenio urbanístico de xestión , que nos ocupa, onde se expón que ; " O concello de Poio representado por o seu Alcalde comprométese no prazo de dous anos a contratar e executar as obras do Proxecto reformado de mellora na praza Alfredo Romay Besada , incluíndo a urbanización da parcela de 299 m2 que se vai permutar así como a construción das prazas de garáxe que resulten nos 50 m2 que hai que ocupar para as mesmas así como a conceder a licenza de segregación da parcela a ceder o Concello e formalizar a correspondente escritura pública de permuta da parcela de propiedade

privada a cambio da obra dos garaxes que construíra o concello que pasarán a ser propiedade dos outros comparecentes quedando vinculadas estas prazas de garaxe a vivenda propiedade dos mesmos situada en camiño Riódama N° 20."

Do exposto nesta cláusula 5ª , se deduce que por medio da permuta o concello adquiriría a parcela de 299 m2 , destinadas a ampliación da praza pública Alfredo Romay Besada, parcela da que se segregaría 50 m2 que seguirían sendo de titularidade dos propietarios iniciais , que irían destinados a construción por parte do concello , e a modo de compensación por a parcela recibida, das praza de garaxe , quedando vinculadas as mesmas a vivenda sita en Camiño riódama N° 20.

Na cláusula 4ª apartado 0 do convenio se establece que; "a mencionada parcela de 50 m2 seguirá sendo de propiedade privada debendo os seus propietarios ceder o Concello a superficie de 50 m2 (teito da edificación destinada a garaxes que pasará a ser dominio e uso público municipal quedando dissociada ou separada a propiedade da parcela matriz , o subsolo con as prazas de garaxe coma propiedade privada e a superficie como plaza pública."

Acerca da posibilidade de que unha parte dunha praza pública , xa sexa voo ou subsolo , sexa atribuída a súa titularidade a un particular , das consultas doctrinais acerca de supostos parecidos se desprenden as seguintes consideracións .Así como a xurisprudencia admitiu pacíficamente que é posible dar un distinto destino á superficie dos viarios e espazos libres (ex. zona verde) que ao subsolo (aparcadoiro), o certo é que hoxe constitúe cuestión debatida se é posible a coexistencia dentro da superficie demanial dun subsolo ou un voo de carácter patrimonial.

Sobre esta materia publicaron interesantes traballos acreditados administrativistas como Alejandro Neto, Tomás Ramón Fernández ou Fernando Saiz Moreno. As determinacións do plan son fundamentais nesta materia.

Entrando no terreo práctico, o certo é que o Concello de Madrid nos últimos anos vén desafectando o subsolo das vías públicas, no que se constrúen aparcadoiros para enajenarlos a particulares a fin de cumprir o estándar de aparcadoiros establecido polo plan e aliviar os problemas do tráfico.

É tamén un feito certo que cabe a coexistencia do dominio público e do dominio privado en edificios ou

inmobles ( caso mais similar o que nos ocupa o figurar no proxecto , que a cuberta da edificación que se pretende construír para a posterior cesión o particular será unha praza pública). Valga de exemplo a adquisición polo Concello de varias plantas dun inmoble privado para destinala a sede de servizos públicos. Ao noso xuízo hoxe está en quebra o principio de que o carácter demanial da superficie determina necesariamente que o subsolo ou o voo o sexan tamén. En definitiva sería aplicar o principio romano de que o propietario do chan o é a "coelo usque ad inferos" , á natureza do ben.

Existe un baleiro, tanto legal como xurisprudencial e doutrinal, no que respecta ao réxime xurídico do subsolo urbano. Tivo que ser o plan urbanístico o que levou a cabo a delimitación do dereito de propiedade do subsolo, sen que este vise o seu reflexo adecuado en normas con rango de Lei. Incumbe, pois, aos plans de ordenación a regulación tanto do chan como do subsolo.

Como sinala Jaime CONCHEIRO DO RÍO, no seu artigo «A propiedade separada do chan e do subsolo», cada día é máis frecuente, na práctica urbanística dos Concellos, a segregación do subsolo público, a súa desafectación e posterior privatización. Son dous as sentenzas que sentaron xurisprudencia, as SSTs de 1 de decembro de 1987 (A LEI JURIS: 53309-JF/0000) e de 20 de xullo de 1990.

Xeralmente utilizouse a técnica xurídica da segregación considerándose como leiras rexistradas independentes o chan e o subsolo, desafectando o subsolo do dominio público para cualificalo como ben patrimonial, e proceder así ao seu alleamento. Iso atopa o seu fundamento na tese doutrinal maioritaria entre os administrativistas. A tese é que se se produce mediante a técnica xurídica oportuna a desmembración do subsolo, entón xurdirá a propiedade dividida, co que a natureza xurídica do subsolo poderá ser distinta da do chan. Iso, a condición de que leve a cabo a correspondente modificación do plan, segundo o procedemento legal correspondente, e mantéñanse os estándares dotacionais mínimos. Nesta liña pronunciáronse autores como Alejandro NETO e Luciano PARELLO.

Os autores mencionados consideran esencial que se remita ao plan e ás súas correspondentes modificacións para regular as actuacións administrativas en relación co subsolo, engadindo tamén que se debería aplicar a obriga de destinar os recursos obtidos mediante a desafectación e alleamento á consolidación do Patrimonio Municipal do Chan.

Desde o punto de vista da lexislación urbanística, non existe nada que impida que baixo un espazo libre constrúase un edificio cunha finalidade distinta á desenvolvida na superficie, excepto naqueles casos en que o destino público do terreo véxase dificultado ou alterado substancialmente.

Agora ben, a posibilidade de creación dunha propiedade separada independente da do subsolo unicamente é susceptible de producirse cando se trate de terreos non edificables en superficie.

Ben e certo que no caso que nos ocupa , o procedemento que se plantexa é distinto dado que o terreo o ser obxecto dunha segregación previa , onde se construírá unhas edificacións auxiliares destinadas a garaxe , permanecerá na titularidade privada , mentres que o teito das mesmas será de titularidade pública afecta a praza Romay Besada , sen embargo o resultado será similar dado que quedará unha superficie de titularidade pública e natureza demanial , e un espazo por debaixo da mesma destinado a garaxes de titularidade privada.

É posible desafectar o subsolo (ou a superficie) da praza e proceder ao alleamento posterior mediante venda ou permuta, pero non sobre a base do expediente de desafectación regulado no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (EC 1255/1986) ou na lexislación do réxime local autonómica; é imprescindible tramitar unha modificación puntual do Plan Xeral e regular nela a materia e operación concreta que pretendan.

Amais destas consideracións de carácter xurídico , no Informe da Arquitecta Municipal de data 16 de setembro de 2010 se plantexan unha serie de dúbidas de carácter técnico ; así afirma que; "Se se considera que o terreo a permutar forma parte do terreo situado ao outro lado da estrada autonómica no que existe unha edificación destinada a vivenda, a edificación que se pretende construír destinada a garaxe debe ser considerada como edificación complementaria da vivenda . A superficie máxima a construír segundo a Ordenanza 6 son 50,00 m2 destinadas a garaxe e deberáanse de cumprir as condicións que para as edificación complementarias establece o apartado de Observación da Ordenanza 6.

Segundo este apartado, "poderán apegarse pequenas edificacións complementarias aos estremeiros da parcela cun máximo total de ocupación de 50 m2 e altura de cumieira de 2,50 m, exclusivamente para o caso de uso de vivenda." acerca desta precisión se presentan dúbidas acerca de si



pode ser considerada como unha única parcela , dado que está atravesada por a estrada PO-308 , e acerca de considerar a edificación a construír como unha edificación auxiliar dunha vivenda situada o outro lado da estrada , dado que no Informe do Asesor Xurídico de data 14 de xaneiro de 2010, na páxina 3 do mesmo fai referencia a que a totalidade da parcela está segregada de feito dende a construción da estrada da Xunta, por o que dificilmente , se isto se considera así , se poderá considerar como unha edificación auxiliar dunha vivenda sita noutra parcela segregada de feito, por o que en opinión destes informantes se deberían aclarar estas cuestións e dúbidas suscitadas.

**4.- En canto a existencia de crédito para levar a cabo os compromisos mencionados na cláusula quinta da proposta de convenio se expón o seguinte:**

Na cláusula quinta da proposta de convenio se establece que, o Concello, representado polo seu Alcalde, comprométese, no prazo de dous anos, a executar as obras do proxecto reformado de mellora da praza de Alfredo Romay Besada, incluíndo a urbanización da parcela de 299m<sup>2</sup> que se vai permutar, así como a construción das prazas de garaxe que resulten nos 50m<sup>2</sup> correspondentes a parcela que se pretende segregar e que seguirá sendo de titularidade privada.

Non consta, no día da data, no expediente obxecto de informe, valoración económica nin da parcela a permutar nin do proxecto de urbanización a levar a cabo na mesma así como tampouco valoración do proxecto de construción dos garaxes por o que se descoñece a repercusión económica que o compromiso a adquirir terá para os fondos do Concello (así como tamén se descoñece se a permuta é posible en canto a se a valoración do ben que se adquire é equivalente ao pago en especie que se realiza mediante a construción dos mencionados garaxes).

Na modificación presupuestaria nº25/2010, suplemento de crédito financiado con operación de préstamo, aprobada inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno celebrado o pasado día 13 de outubro, se incluía unha aplicación, a 453.60900 adicada, según consta no anexo a Memoria de Alcaldía que obra no mencionado expediente, a "Acondicionamento Praza Samieira" por importe de 95.000€. A mencionada modificación orzamentaria se atopa aprobada inicialmente, en trámite de publicación no B.O.P, por o que o crédito non estará dispoñible ata a aprobación definitiva da mesma así como a concertación da operación de préstamo que serve para financiarla. Non obstante, se descoñece se o importe será suficiente para sufragar as obras

correspondentes aos compromisos adquiridos anteriormente mencionados ante a falta de documentación como anteriormente se expuso.

Con independencia do anteriormente exposto deste Concello , o Pleno deste Concello , en virtude das competencias que lle otorga a Lei Reguladora das Bases do Réximen Local 7/85 de 2 de abril no seu artigo 21.1.q) poderá resolver o outorgamento ou non do solicitado da maneira máis axustada a dereito."

**Informe da Arquitecta Municipal do 16 de setembro de 2010:** "En relación á permuta que se pretende de terreo por obra en camiño Riodama e pza. Alfredo Romay Besada de Riodama, en Samieira, a técnico municipal emite o seguinte **informe:**

#### ANTECEDENTES

É interese do Concello a obtención dun terreo para completar o proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada. Dito terreo está limitado por terreos de titularidade pública, ben pertencentes ao entorno da praza ou ben correspondentes co camiño de Riodama de titularidade autonómica.

A cambio do terreo, o Concello construíría unha edificación destinada a garaxe para o propietario do terreo que se permuta.

No apartado A.5 do informe xurídico de 14/01/2010 solicítase un informe urbanístico sobre a posibilidade de conceder a licenza de segregación da parcela que se vai ceder ao Concello e da licenza de obra da edificación complementaria destinada a garaxe e indícanse unha serie de aclaracións a ter en conta dende o punto de vista da interpretación da ordenanza de aplicación.

Ditas aclaracións son as seguintes:

- No que respecta á parcela mínima, podería computarse a totalidade do terreo que pertencera en propiedade ao interesado e non soamente a superficie do terreo obxecto do expediente.

- A superficie máxima a construír, con destino a garaxe, non excedería de 50,00m<sup>2</sup> e demais condicións que figuran na Ordenanza 6.

- Debe respectarse o recuamento da obra, pola praza a 8m do eixo da parte da mesma no fronte da obra e a estrada da Xunta á distancia que autorice a mesma.

- En canto á licenza de segregación ao estar xa segregada de feito, dende a construción da estrada da Xunta, podería declararse a innecesariedade de segregación, posteriormente a cesión ao Concello para ampliación da praza pública e destinala ao dominio e uso público municipal, quedando como propiedade do titular do terreo a

superficie ocupada pola obra destinada a garaxe, como resto de finca matriz.

O asesor xurídico emite novo informe o 16/09/2010, propoñendo a posibilidade de considerar a praza pública como un estremeiro do terreo a permutar e esixir o recuamento de 8m ao eixo do vial unicamente no fronte ao camiño de Riodama.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

2. Segundo o plano 09 do PXOM, o terreo está clasificado como solo de núcleo rural mixto (SNR M) e cualificado como Ordenanza 6, de vivenda unifamiliar en núcleo rural.

3. Se se considera que o terreo a permutar forma parte do terreo situado ao outro lado da estrada autonómica no que existe unha edificación destinada a vivenda, a edificación que se pretende construír destinada a garaxe debe de ser considerada como edificación complementaria da vivenda. A superficie máxima a construír segundo a Ordenanza 6 son 50,00m<sup>2</sup> destinados a garaxe e deberanse de cumprir as condicións que para as edificacións complementarias establece o apartado de Observacións da Ordenanza 6.

4. Segundo este apartado, "poderán apegarse pequenas edificacións complementarias aos estremeiros da parcela cun máximo total de de ocupación de 50m<sup>2</sup> e altura de cumieira de 2,50m, exclusivamente para o caso de uso vivenda".

5. Neste caso o terreo no que construírá a edificación complementaria está rodeado por terreos de dominio público (estrada autonómica, vial de acceso á praza e a praza).

6. Xirada visita ao terreo, na actualidade existe unha construción de bloque de formigón visto e cuberta de pranchas de fibrocemento, da que non consta licenza concedida, e algunha superficie cultivada aparentemente para autoconsumo. O estado de conservación é ruinoso e o construído non é legalizable por non cumprir as condicións de solo de núcleo rural da Normativa do PXOM e da Lei 9/2002 ademais de incumprir o artigo 104º da Lei 9/2002, de adaptación ao ambiente.

7. O interese público do proxecto de ampliación da praza está xustificad dende o momento en que se están a executar actualmente as obras de acondicionamento da praza e o terreo a permutar é o único existente de titularidade privada que quedaría illado polos terreos de dominio público formando unha pantalla visual no entorno inmediato da praza tanto polo seu emprazamento como polo pésimo estado de mantemento do propio terreo e da construción levantada ilegalmente.

8. Segundo o proxecto de mellora da praza, a

edificación complementaria destinada a garaxe estaría integrada na solución proxectada para ampliación do espazo da praza de tal forma que para solucionar o desnivel entre vial autonómico e praza, construíriase unha cuberta que albergaría debaixo o lavadoiro existente reformado e o garaxe de nova creación, de forma que dita cuberta é transitable polo público con acceso a nivel da estrada e que, ao estar elevada respecto da cota da praza, faría ás veces de palco.

9. Respecto desta solución integradora debería de aclararse se o interesado tería só dereito de uso do local destinado a garaxe ou sería propietario deste, xa que cuberta da edificación é tamén praza pública.

10. Dende o punto de vista técnico o local destinado a garaxe non sería unha finca segregable do resto da construción destinada a uso público, como parece entenderse na consideración A.5ª.d) do informe xurídico de 14/01/2010.

#### INFORME

Polo exposto, debo informar que para non esixir o recuamento da construción respecto da praza debe de ser acordado previamente polo Concello que a praza pode considerarse como un estremeiro do terreo e que unicamente se considera que o fronte do terreo é o vial autonómico.

Por outra banda, ao meu xuízo a licenza de obra do garaxe non se debe de separar da licenza de obra da ampliación da praza, xa que a solución proposta resolve conxuntamente e integra nun único volume o garaxe e os demais elementos que conforman a ampliación da praza (lavadoiro, espazo cuberto con banco e cuberta-palco). Cómpre que o proxecto de mellora sexa aprobado polo Concello previamente a informar a segregación do terreo a permutar.

Respecto da permuta, fago constar o indicado nos puntos 7 e 8 dos fundamentos deste informe para que se teña en conta antes de formalizar a permuta."

#### **Informe do Asesor Xurídico do 27 de xaneiro de 2010:**

"PRIMEIRO: Con data 14 de xaneiro de 2010, esta asesoría emitiu informe sobre o procedemento a seguir para aprobar este expediente de permuta, dunha parcela situada entre a praza Alfredo Romay e a estrada P0-303, facéndose constar en dito informe que a parcela que pretende adquirir o Concello figura dada de alta no Catastro a nome do Concello de Poio.

SEGUNDO: Realizada a investigación correspondente no catastro histórico sobre os titulares desta parcela e a situada ó outro lado da P0-303, resulta o seguinte:

a) Nos planos do catastro histórico existentes na Xerencia do Xestión Catastral de Pontevedra, na rúa Andrés

Muruais, 2 de Pontevedra, do ano 1960 aparece a parcela obxecto deste expediente co núm. 113, cunha superficie total de 340,00 m<sup>2</sup>, descuberta 257,00 m<sup>2</sup> e cuberta 83,00 m<sup>2</sup>, segundo documentación que se xunta.

Tamén aparece nos planos a parcela 243, que se corresponde coa vivenda e propiedade existente ó outro lado da PO-303.

Nesta Xerencia non existe o nome dos propietarios á quen es puidesen corresponder estas parcelas no ano 1960.

b) A relación de propietarios das parcelas correspondentes ó Catastro da Riqueza Rústica do ano 1960, constan no Arquivo Histórico Provincial, situado no Paseo Colón de Pontevedra, segundo copias que se xuntan.

Deducíndose deste arquivo que a propietaria da parcela 113 no ano 1960 era Avelina Albar Muiños, cunha superficie de 2 áreas ou 200,00 m<sup>2</sup>.

E a parcela 243 no ano 1960 figuraba a nome de Avelina Albar Esperón, cunha superficie de 535,00 m<sup>2</sup>.

c) No catastro existente na Xerencia Territorial do Catastro do ano 1996 a parcela 243 figura a nome de Luis Aguin Escudero e a parcela 113 a nome de Avelina Álvarez Muiños.

d) A alta na Xerencia do Catastro da parcela 113 a nome do Concello de Poio fíxose de oficio, por omisión na revisión do Catastro, segundo expediente núm. 42.339/03.

TERCEIRO: Na data de hoxe se me entrega unha copia do título de propiedade das dúas parcelas indicadas, que se xunta á presente, que consiste nunha escritura de compravenda privada de 18 de novembro de 1967, pola que Dna. Avelina Albar Esperón vende as dúas parcelas indicadas a D. Luis Aguin Escudero, casado con Dna. Emilia Dacosta González.

Figurando a parcela 113 con 299,00 m<sup>2</sup> e a parcela 243 con 471,00 m<sup>2</sup>.

Dos antecedentes expostos dedúcese que a parcela 113 pertence en propiedade en realidade a D. Luis Aguin Escudero, segundo o título de adquisición de 18 de novembro de 1967 e tratándose dun erro o alta no Catastro da parcela a nome do Concello de Poio.

Este informe emítese coa finalidade de aclarar o erro existente no Catastro, onde figura a parcela a nome do Concello de Poio, polo que pode continuarse coa tramitación do expediente correspondente para a permuta entre o Concello e ó que acredite ser o actual propietario da parcela 113, cumprindo os requisitos que se indican no apartado A. terceiro. parágrafo c), do meu informe anterior de 14 de xaneiro de 2010, certificación do Rexistro da Propiedade onde figure inscrita a finca a nome do

propietario actual e alta no Catastro do propietario actual.

E emitíndose os informes e demais requisitos indicados no meu informe anterior. "

**Informe do Asesor Xurídico do 16 de setembro de 2010:**

" Visto o proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada, de Samieira, redactado polo Arquitecto D. Juan Mugarra Fernández, reformado, nº 02 de setembro do ano 2010, escala 1/500, no que aparece o ámbito de actuación, así como, as catro prazas de garaxe na finca propiedade de D. Luis Aguín Escudero, así como o disposto no Plan de Ordenación vixente, Ordenanza 6, teño a ben informa - lo seguinte:

**Primeiro.-** Con data 14 de xaneiro de 2010 e 27 de xaneiro de 2010, esta asesoría emitiu informe sobre o procedemento a seguir para aprobar o convenio e permuta dunha parcela propiedade de D. Luis Aguín Escudero, a cambio da construción polo Concello dunha pequena edificación complementaria da vivenda destinada a catro prazas de garaxe, que pasaría a ser propiedade do Sr. Aguín Escudero, indicándose no primeiro informe que debe respetarse o recuamento da obra, pola praza a 8 metros do eixe da parte do fronte da obra e a estrada da Xunta á distancia que autorice a mesma.

**Segundo.-** Examinado o plano 02 do proxecto reformado da obra de mellora da praza Alfredo Romay Besada, salientado anteriormente e que se adxunta a este informe, dedúcese do mesmo que a edificación complementaria á vivenda propiedade de D. Luis Aguín Escudero, segundo se propón en dito plano, situaríase a 9,05m do eixe actual da PO - 303, non fixándose retranqueo na parte da obra destinada a garaxe que da frente á praza Alfredo Romay e figurando igualmente as zonas destinadas a acera e ampliación da praza que se pretende se o Concello adquire a propiedade dos terreos do Sr. Aguín Escudero.

**Terceiro.-** Segundo os antecedentes, existentes no expediente resulta o seguinte:

a) Que D. Luis Aguín Escudero, con D.N.I. núm.: 35.194.506 K, e a súa dona Dña. Emilia Da Costa González son propietarios da parcela catastral número 243, cunha superficie de 471 m<sup>2</sup>, según documento privado de compra de 18 de novembro de 1967 e que linda ó sur coa carretera de Samieira a Dena, hoxe coa PO - 303, estrada da Xunta de Galicia.

E tendo a súa residencia segundo o Padrón Municipal de habitantes en camiño de Riodama nº 20, piso P01, Riodama, parroquia de Samieira, cunha edificación destinada á vivenda, na que figuran tamén outros familiares.

b) Que D. Luis Aguín Escudero, e a súa dona Dña. Emilia Da Costa González son propietarios da parcela catastral 113 que figura no catastro cunha extensión superficial de 299m<sup>2</sup>, según título de propiedade de 18 de novembro de 1967, e que linda ó norte coa carretera de Dena, hoxe PO - 303 e lindando no fondo da parcela coa praza pública municipal de Alfredo Romay Besada.

Segundo o plano de situación que se adxunta este informe, as catro prazas de aparcadoiro que pretende construírse nesta parcela, sitúanse no fronte da mesma á PO - 303, á distancia de 9,05m, co que, en principio respétase o retranqueo de 8m dende o eixe do vial a que enfronta, que esixe a Ordenanza 6 do Plan Xeral.

A Ordenanza 6 de edificación unifamiliar en núcleo rural no seu apartado de observacións establece o seguinte "poderán apegarse pequenas edificacións complementarias os estremeiros da parcela cun máximo total de ocupación de 50m<sup>2</sup> e a altura de cumieira de 2,50m, exclusivamente para ó caso de uso de vivenda".

De conformidade con este apartado da Ordenanza 6, dende o punto de vista xurídico e sen perxuizo do informe que emita a Arquitecto municipal, informo que podería o Concello conceder licenza de obra para a construción desta pequena edificación complementaria da vivenda, vinculando a mesma no Rexistro da Propiedade á vivenda existente na outra parcela de D. Luis Aguín Escudero, e non debendo superar os 50m previstos na ordenanza, non sendo necesario un novo retranqueo de 8m con fronte á praza de Alfredo Romay, sempre que o pleno do Concello, previo dictame proposta da Comisión Informativa de Urbanismo, á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, interprete a ordenanza considerando a praza Alfredo Romay como un estremeiro da propiedade do Sr. Aguín, xa que o retranqueo de 8m previsto na ordenanza respéctase amplamente no fronte á PO - 303, ou camiño de Riodama."

**Informe do Asesor Xurídico do 29 de novembro de 2010:**

"Visto o expediente tramitado de convenio de xestión urbanística de Permuta de terreo propiedade de D. Luis Aguín Escudero e D<sup>a</sup>. Emilia da Concepción Dacosta González e o Concello de Poio, de propiedade privada a cambio da obra futura de construción, polo Concello dunha edificación complementaria destinada a garaxe, segundo proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada, de Samieira, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: Segundo o título de propiedade que consta no expediente, de 18 de novembro de 1967, os propietarios da parcela ocupada pola edificación destinada a vivenda construída en cñño. Riodama, 20, cos que debe de formalizarse o convenio son os que figuran no mesmo D. Luis

Aguin Escudero e D<sup>a</sup>. Emilia da Concepción Dacosta González.

SEGUNDO: Sen embargo, desde o 02 de xullo de 2010, que os interesados fixeron as modificacións no catastro aparecen como titulares catastrais da parcela de referencia catastral 1666211NG2916N0002AG, Planta 1<sup>a</sup> os seguintes: Luis Aguin Escudero, Emilia Dacosta González (segundo ficha adxunta) con dereito ao 50% de usufruto, cada un. Aparecendo tamén como titularidade catastral D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Inés Aguin Dacosta (filla) e Epifanio Prado Leiro (xenro), con dereito ao 50% de nuda propiedade.

Aparecendo igualmente na base de datos da Oficina Virtual do Catastro como titular do inmovible de referencia catastral 1666211NG2916N0001PF D, Planta baixa os seguintes: D. Angel Martínez Muñiz (xenro, casado coa filla dos interesados D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Aguin Dacosta), con dereito 100% da propiedade.

Por todo isto, informo que pode procederse á aprobación inicial do convenio tal e como aparece no expediente, debendo requirirse aos interesados para que aporten ao expediente a documentación complementaria que se deduce da Xerencia Territorial do Catastro, de división horizontal para acreditar os verdadeiros titulares rexistrados da parcela e da edificación, condicionándose a aprobación do convenio a que asinen o mesmo os demais titulares catastrais: M<sup>a</sup> Inés Aguin Dacosta, Epifanio Prado Leiro e Ángel Martínez Muñiz.”

Con data 23 de novembro de 2010 o expediente someteuse á consideración da comisión Informativa de Urbanismo no que se informou requirir que se xuntara ao expediente a documentación que faltaba no mesmo.

A Sra. Nieto García di que a proposta debe rectificarse e poñer todos os titulares e non sabemos se cumpre o 40% porque pola mañá na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo non estaba a valoración incorporada ao expediente.

O Sr. Barreiro Lubián di que a valoración xa está incorporada ao expediente.

A Sra. Nieto García pon de manifesto que eles se van a abster a vista do expediente e dos Informes desfavorables conxunto de Secretaría e Intervención que constan no mesmo.

Sometido á votación a aprobación da proposta de convenio urbanístico de xestión entre D. Luis Aguin Escudero e o Concello de Poio, para a permuta de terreo



propiedade privada a cambio de obra futura de construción, polo concello, dunha edificación complementaria destinada a garaxe, segundo proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada de Samieira, por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP o Pleno da Corporación adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Prestar aprobación á proposta de convenio urbanístico de xestión entre D. Luis Aguín Escudero e o Concello de Poio, para a permuta de terreo propiedade privada a cambio de obra futura de construción, polo concello, dunha edificación complementaria destinada a garaxe, segundo proxecto de mellora da praza Alfredo Romay Besada de Samieira, condicionado a que os interesados aporten ao expediente a documentación complementaria que se deduce da Xerencia Territorial do Catastro, de división horizontal para acreditar os verdadeiros titulares rexistrados da parcela e da edificación, condicionándose a aprobación do convenio a que asinen o mesmo os demais titulares catastrais: M<sup>a</sup> Inés Aguín Dacosta, Epifanio Prado Leiro e Ángel Martínez Muñiz

**Segundo:** Someter o convenio ao trámite de información pública por un prazo mínimo de 20 días de conformidade co disposto no artigo 237 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

MOCIÓNS URXENTES.- preséntanse as seguintes:

3461.- CONCERTACIÓN DUN CONTRATO DE PRÉSTAMO PARA A FINANCIACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPPOSTARIA NÚMERO 25/2010 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor do BNG e PSOE, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención e de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta á corporación do expediente tramitado co motivo da concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento da modificación presupostaria 25/2010 mediante suplemento de crédito por importe de 947.000 € cuxo expediente foi aprobado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 13 de outubro de 2010 e establecéndose o prazo ata o 29 de outubro de 2010 para que as entidades bancarias e con sede no termo municipal presenten ofertas: Caixanova, Banco Pastor, Banco Galego, Caixa Galicia, Banco Popular, A Caixa, BBVA e BCL presenen ofertas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas consta no expediente unicamente oferta presentada pola entidade Financeira Caixanova.

Con data 2 de outubro de 2010 e de conformidade co establecido no prego que rexe a concertación do préstamos

reúne a Mesa de Contratación emitido o seguinte ditame:

"O Secretario da conta do expediente e da proposta de préstamo por importe de 947.000 € presentada o día de outubro de 2010, por a entidade bancaria CAIXANOVA, co nº no Rexisto Xeral deste Concello de Poio.

Acto seguido o Presidente da Comisión procede á apertura do sobre, sendo o Secretario o que, fai lectura da proposta e que é a seguinte:

**Caixanova:** presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe máximo: 947.000,00€

Tipo de interés: Euríbor 12 meses + 2,50 puntos

Período de disposición: Anual

Liquidación de intereses: Trimestral

Prazo total de vixencia: 20 anos

Carencia de amortización: 2 anos

Comisións: exento

Amortización: Trimestral

Intervención: Asinarase ante o Secretario do Concello. O Concello comprométese a elevar a público o contrato cando así o estime necesario Caixanova. Neste último caso, os gastos serán por conta de Caixanova.

A Comisión acorda que pase a proposta presentada a informe da intervención municipal para a emisión do correspondente informe, manifestando que a operación de préstamo non poderá ser adxudicada ata a aprobación definitiva da modificación presupostaria nº 25/2010 e que pase á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con carácter previo a aprobación polo Pleno."

consta no expediente informe da Intervención Municipal de data 04 de novembro de 2010.

Con data 29 de novembro de 2010 publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 229, publicouse anuncio de aprobación definitiva da modificación de crédito número 25/2010, na modalidade de suplemento de crédito.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que se unicamente se presentou unha entidade financeira quere dicir que a saúde financeira deste Concello non é tan boa como manifesta o equipo de goberno.

A Corporación por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención a corporación adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Adxudicar a operación de crédito a longo prazo para o financiamento da modificación presupostaria núm. 25/2010 mediante suplemento de crédito por importe de 947.000 € a entidade Caixanova nos seguintes termos:

Importe máximo: 947.000,00€

Tipo de interés: Euríbor 12 meses + 2,50 puntos

Período de disposición: Anual

Liquidación de intereses: Trimestral

Prazo total de vixencia: 20 anos

Carencia de amortización: 2 anos

Comisións: exento

Amortización: Trimestral

Intervención: Asinarase ante o Secretario do Concello. O Concello comprométese a elevar a público o contrato cando así o estime necesario Caixanova. Neste último caso, os gastos serán por conta de Caixanova.

**Segundo:** Facultar ao Sr. alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3462.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN COA POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA ESTACIÓN DEPURADORA.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor do BNG e PSOE, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención e de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta á corporación dáse conta á corporación conxunta presentada polo Grupo Municipal do BNG e PSOE no que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

1º.- Dirixirse a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas solicitando a posta en funcionamento dunha estación depuradora de residuos para tratar o saneamento de Raxó e Samieira.

O Sr. Domínguez Lino solicita que se añada ao texto da moción o seguinte: "Dirixirse ao Concello de Sanxenxo e instar aos grupos políticos de Sanxenxo para que apoiem a moción para estar todos de acordo".

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que todos somos conscientes dos problemas de vertidos que existen na parroquia de Raxó, porque van para alí os vertidos de parte de Samieira, A Granxa e de todo Raxó.

Cando empezou a gobernar o bipartito interesáronse neste problema, pedíronnos ubicacións e todas as que se lle deron foron rexeitadas polo Concello de Sanxenxo. Non nos parece que por desidia da Xunta podamos estar facendo

vertidos que van directamente ao mar e preocupámonos que nos orzamentos da Xunta haxa dotación orzamentaria.

A Sra. Besada Lores di que a depuradora é fundamental e esperamos que a base de presentar mocións a Xunta de Galicia recapacite.

O Sr. Domínguez Lino di que están de acordo na necesidade da moción e pedimos que se inste ao Concello de Sanxenxo e aos seus grupos municipais a que tamén o fagan.

O Sr. Barreiro Lubián di que consideran que nos non temos que dirixirnos ao Concello de Sanxenxo.

Nos puxemos a disposición da Xunta 5 terreos para a ubicación e a Xunta buscou a nova ubicación e nos non temos interese en que vai en Sanxenxo ou calquera outro lugar. Digo que é necesaria a depuradora e a vosa preocupación parece ser o malestar dalgúns veciños de Sanxenxo.

Rematada a quenda de deliberacións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Dirixirse a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas solicitando a posta en funcionamento dunha estación depuradora de residuos para tratar o saneamento de Raxó e Samieira.

3463.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN COS PROXECTOS NA PO-308.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor do BNG e PSOE, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención e de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta á corporación dáse conta á corporación da moción conxunta de data 30 de novembro de 2010 asinada polos voceiros do BNG e PSOE, no que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas solicitando a licitación e execución do proxecto de seguridade vial redactado por esta Consellería entre Andurique e A Seca na PO 308.

2º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a redacción do proxecto de seguridade vial entre Raxó e Chancelas para completar as actuacións nesta estrada.

O Sr. Barreiro Lubián di que en 1º lugar pídesese que se

licite o proxecto que está redactado pola Consellería e que pimero terá que aprobalo. O Concello de Poio non lle corresponde facer o trámite da exposición pública.

Unha vez exposto ao público haberá que facer as modificacións que corresponda que seguro que son poucas. Despois pídese que se faga o proxecto de seguridade vial na mesma estrada.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS A CONCELLEIRA SRA. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.

O Sr. Agís Gómez di que a Xunta redactou o proxecto e dísenos que temos que expoñelo pois se esa é a nosa labor expoñémola, non nos metemos nas competencias da Xunta.

A Sra. Nieto García manifesta di que se está pedindo que se execute un proxecto que non coñecemos.

O Sr. Domínguez Lino di que se o tendes aquí e non entramos no fondo non podemos apoiar esta moción.

O Sr. Barreiro Lubián di que aquí trátase de que se faga o proxecto de seguridade vial.

A Sra. Nieto García di que non poden apoiar un proxecto que non coñecen.

Finaliza o debate o Sr. Alcalde para manifestar que na súa opinión o sentido da moción está claro , e lamenta a falla de acordo de todos os grupos de políticos , nun tema coma o da seguridade vial , no que considera que debido a súa importancia se debería chegar a un acordo entre todos..

Sometido a votación a moción conxunta presentada polos Grupos Municipais do PSOE e BNG este quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas solicitando a licitación e execución do proxecto de seguridade vial redactado por esta Consellería entre Andurique e A Seca na PO 308.

2º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a redacción do proxecto de seguridade vial entre Raxó e Chancelas para completar as actuacións nesta estrada.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Formúlanse os seguintes rogos:

O Sr. Martínez Nacemento realiza as seguintes preguntas:

Primeiro: Se se remataron as obras do Parque da Ucha.

A Sra. Besada Lores contesta que aínda falta un pouco para rematalas.

Segundo: Se o Concello está en disposición de acometer a obra do Campo de herba sintética da Armandiña.

A Sra. Caldas Moreira contesta que a obra sería con aportación municipal e con aportación da Deputación Provincial, pero primeiro hai que tramitar un expediente de convenio de cesión de uso do campo para que se poida incluír dentro do programa provincial de campos de herba sintética.

Terceiro: Se a pretensión do Concello é aumentar a iluminación pública no cmño. Real de Chancelas xa que se colocaron postes de luz.

A Sra. Besada Lores di que falta colocar o tendido e luminarias e que se vai realizar.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.